



As cidades e o rural loitamos xuntas contra a depredación enerxética da Terra e do Mar:

A **INVASIÓN EÓLICA** que padecemos non é unha transición ecolóxica, é a **destrucción dos ecosistemas mariños e terrestres que permiten a vida** dos pobos pesqueiros e do mundo rural galego só para beneficio das grandes empresas do oligopolio enerxético e especuladores extranxeiros.

Galiza xa produce máis enerxía renovable que a que consome, polo que calquera nova instalación de polígonos industriais eólicos só é para enriquecemento destas empresas vendendo a enerxía fóra, afondando no modelo de expolio colonial da nosa Terra. Máis **Eólica NON**.

Este modelo de macrorenovables non é enerxéticamente eficaz, polas perdas enerxéticas entre os lugares de produción e os de consumo; nin tampouco rendible **sen grandes investimentos públicos** tanto en axudas directas ás empresas, que pagamos toda a cidadanía, como na ampliación da rede de alta tensión que pagaremos a través da factura da luz. Sufriremos os impactos dos polígonos eólicos e **pagaremos máis cara a luz**.

Non é sustentable instalar polígonos eólicos sobre os caladoiros tradicionais da pesca, sobre as rutas migratorias das aves mariñas, sobre os montes que alimentan os acuíferos, sobre as terras agrarias, sobre os ecosistemas que a Xunta se nega a protexer bloqueando a ampliación da Rede Natura. Estan a roubarnos un futuro verdadeiramente sustentable e pretenden maquillar o seu expolio de **BURLA VERDE**.

Denunciamos o apoio das **administracións públicas que legislan a medida dos intereses destas empresas**, entorpecendo os dereitos da veciñanza á información e participación nas decisións que afectan ó seu modo de vida. Dereitos que o TSXG recoñeceu foron vulnerados en numerosos casos, como os da veciñanza de Amil que defende o Monte Acibal e os seus petróglifos das voladuras de Norvento.

Trala paralización de varios proxectos polo TSXG **denunciamos a campaña de acoso** á independencia deste tribunal por parte da patronal eólica co apoio cómplice dalgúns sectores da clase política, determinados medios de prensa e sindicatos máis ocupados en defender os intereses da patronal que os das clases populares.

Sabemos que a invasión eólica agudizará os problemas de **despoboamento e destrucción de emprego** en vilas aldeas e cidades. En Ferrol sabemos ben das falsas promesas de emprego industrial de Macroproxectos como o porto exterior e Reganosa que só trouxeron a destrucción do 80 % da produtividade marisqueira da ría.

Ante o recente anuncio da Xunta da creación da sociedade mixta público – privada “Recursos Galicia” encamiñada ó investimento en proxectos enerxéticos e mineiros, berramos alto e claro o noso **rexeitamento o modelo de depredación extractivista**, tanto se é en beneficio de capital extranxeiro como do pretendidamente galego.

Galiza non se vende, ... nin se regala.

Esiximos á inmediata paralización dos proxectos en curso e abogamos por un modelo enerxético transparente, xusto e descentralizado, en mans públicas, enfocado nas necesidades locais, potenciando as comunidades enerxéticas e reducindo o consumo. Unha economía local baseada nos coidados das persoas e dos ecosistemas.

Defender a Terra e o Mar é defender a Vida, ... defender a Vida é Autodefensa.

Mal que lles pese seguimos medrando e extendendo esta rede de solidariedade na defensa da Vida, por vilas, cidades e aldeas.

Fronte á depredación da Mafia eólica

¡¡seguiremos medrando como as silvas!!